



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Lingua galega	Código	652G04036	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución xeral á lingua galega: fonética e fonoloxía, morfosintaxe e léxico.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Producir en lingua galega textos orais e escritos con cohesión, coherencia e adecuación, demostrando un profundo coñecemento da lingua estándar.	A3 A31	B2 B4 B5 B7 B9 B17	C1 C7
Recoñecer os problemas na produción e/ou interpretación de sons propios da lingua galega e as interferencias fonéticas.	A3 A17 A32	B2 B4 B5 B7 B8 B9 B12 B13 B22 B23 B24	C1 C3 C4 C6 C7
Coñecer o estándar da lingua galega (fonético, morfosintáctico, léxico), así como as variedades sociais e xeográficas.	A17 A32	B2 B3 B4 B5 B8 B9 B13 B17 B22	C1 C3 C4 C6



Mudar de rexistro dentro da lingua galega segundo as situacións.	A3	B2	C1
	A31	B3	C4
		B4	
		B5	
		B8	
		B12	
		B17	
		B23	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Módulo de Fonética e Fonoloxía	1.1. Vocalismo e consonantismo 1.2. Fonética sintáctica, acento e entoación
2. Módulo de Ortografía	2.1. Usos das letras 2.2. Acentuación, maiúsculas, abreviacións e constituíntes xuntos/separados 2.3. Puntuación
3. Módulo de Morfosintaxe	3.1. Categorias gramaticais: substantivo, adxectivo, pronome, verbo, adverbio, preposición e conxunción 3.2. Estrutura sintáctica da oración
4. Módulo de Léxico-Semántica	4.1. Léxico xeral e léxico especializado. O léxico da Logopedia 4.2. Relacións semánticas e precisión léxico-semántica.
5. Módulo de Comunicación Oral	5.1. Comprensión e interacción oral 5.2. Expresión oral: conversa, debate, entrevista
6. Módulo de Comunicación Escrita	6.1. Comprensión escrita 6.2. Expresión escrita: noticia, artigo de opinión, anuncio publicitario, recensión, convocatoria, solicitude, recurso, fax, contrato, CV, carta, e-mail, blogue

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A17 A31 B2 B4 B8 B12 B17 C1 C6	12	18	30
Obradoiro	B2 B3 B4 B7 B8 B12 B17 B22 B23 C1 C6	15	22.5	37.5
Solución de problemas	A32 B2 B4 B5 B9 B13 B24 C1 C3 C4 C7	0	30	30
Proba mixta	A3 B7 C1	2	10	12
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións de docencia expositiva levarase a cabo a presentación teórico-práctica dos contidos fundamentais para comprender a materia e para poder realizar as diversas actividades propostas nos "Obradoiros" e nas "Solucións de problemas".



Obradoiro	Nestas sesións de docencia interactiva, o alumnado realizará ACTIVIDADES PRÁCTICAS de diferente tipoloxía (exercicios de completar, corrección de textos, análise e elaboración de textos, lectura e entoación de textos, exposicións, debates etc.) destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.
Solución de problemas	Como complemento ás sesións maxistras e ás actividades prácticas presenciais, o alumnado deberá realizar (fóra da aula) unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS sobre os contidos traballados nas aulas presenciais que deberá entregar ao profesor nas datas marcadas.
Proba mixta	Exame práctico escrito en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas Obradoiro	Para alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización das prácticas presenciais e non presenciais.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A32 B2 B4 B5 B9 B13 B24 C1 C3 C4 C7	As ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais suporán un 40 % sobre a cualificación final. Nestas prácticas de ampliación avaliarase o correcto desenvolvemento das instrucións indicadas, a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a corrección na análise e na expresión escrita. Entregaranse en papel nos prazos marcados. Para aprobar é preciso ter unha puntuación de 5 sobre 10 en cada actividade.	40
Sesión maxistral	A3 A17 A31 B2 B4 B8 B12 B17 C1 C6	Na avaliación do seguimento das sesións maxistras, que suporá un 10 % da cualificación total, avaliarase a ASISTENCIA e PARTICIPACIÓN.	10
Proba mixta	A3 B7 C1	Na PROBA PRÁCTICA ESCRITA avaliarase a asimilación dos contidos aprendidos. As actividades do exame serán similares ás formuladas nas aulas. Para superar esta proba, que se realizará na data hora e lugar marcados nos horarios oficiais de exames do centro, a cualificación deberá ser de 5 puntos sobre 10.	30
Obradoiro	B2 B3 B4 B7 B8 B12 B17 B22 B23 C1 C6	As ACTIVIDADES PRÁCTICAS (exercicios de completar, corrección de textos, análise e elaboración de textos, lectura e entoación de textos, exposicións, debates etc.) realizadas ao longo do curso, serán obxecto de avaliación nun 30 % sobre a cualificación total. Nestas actividades valorarase a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a capacidade de análise, a claridade e corrección na expresión oral e escrita, así como o traballo individual e en grupo.	20

### Observacións avaliación



## 1. A CUALIFICACIÓN FINAL na 2.<sup>a</sup>

OPORTUNIDADE (xullo) rexerá polas seguintes normas:

1.1. Quen suspender a materia na 1.<sup>a</sup> oportunidade por non obter 5 puntos na PROBA MIXTA ESCRITA

deberá facer un novo exame escrito das mesmas características que o da 1.<sup>a</sup>

oportunidade. Este exame oficial, marcado polo Decanato da Facultade, suporá o 40 % da cualificación final, pois

asígnaselle o 10 % por asistencia e participación contemplado na 1.<sup>a</sup>

oportunidade.

1.2. De suspender a materia na 1.<sup>a</sup> oportunidade

por non acadar a puntuación mínima nas ACTIVIDADES PRÁCTICAS,

deberá recuperalas por outras substitutivas de características semellantes. O

número de actividades, xunto coas datas de recollida e entrega, farase público no

momento de publicación das cualificacións da 1.<sup>a</sup> oportunidade, pois estas prácticas

inclúen tanto as realizadas na aula (20 %, vid. supra) como as de entrega (40 %, vid. supra). Así, estas actividades

suporarán o 60 % da cualificación final.

## 2. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA

### ACADÉMICA

2.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida

deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio de curso

para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na

avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non

presenciais equivalentes).

## 3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO

3.1. En cada oportunidade de

avaliación o/a alumno/a recibirá a cualificación de NON PRESENTADO (NP) se non se presentar á proba escrita e,

ademais, se o número de actividades avaliábeis for inferior ao 50 %.

4. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

4.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente co docente da materia e, para superala, deberá

realizar unha "Proba mixta" (5 puntos) e os "Traballos tutelados" (5 puntos) que lle foren encomendados.

5. OUTRAS OBSERVACIÓNS

5.1. Para o resto de casos non contemplados nestas "Observacións" seguirase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das

cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario".

5.2. Os traballos académicos presentados polo alumnado da

materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de

detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio

en varias materias. De se producir algunha destas circunstancias,

poderán activarse as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado

universitario da UDC.



<b>Bibliografía básica</b>	<p>Carballeira Anllo, Xosé M.<sup>a</sup> (coord.) (2009): Gran dicionario Xerais da lingua (Vigo: Xerais). Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006 [2001]): Manual de Gramática galega (Vigo: A Nosa Terra). Garayzábal, Elena (2006): Lingüística clínica y logopedia (Madrid: Machado Libros). González Rei, Begoña (2004): Ortografía da lingua galega (A Coruña: Galinova). Hermida Gulías, Carme (2004): Gramática práctica (Morfosintaxe) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco). López Viñas, Xoán / Lourenço Mória, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011 [2010]): Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión (A Coruña: Baía Edicións). Martínez Celdrán, Eugenio (2002): Introducción á fonética. O son na comunicación humana (Vigo: Galaxia). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 1. Comprensión oral (Vigo: Xerais). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 2. Expresión oral (Vigo: Xerais). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 3. Comprensión escrita (Vigo: Xerais). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 4. Expresión escrita (Vigo: Xerais). Navaza Blanco, Gonzalo (coord.) (2007): Dicionario Xerais castelán-galego de usos frases e expresións (Vigo: Xerais). Pena, Xosé Ramón (coord.) (2005): Gran dicionario século XXI da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio). Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2005): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. 20.<sup>a</sup> edición (A Coruña: RAG / Santiago de Compostela: ILG). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/19499da0-6a97-4d15-aa91-fa7a36f5f2bd">http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/19499da0-6a97-4d15-aa91-fa7a36f5f2bd</a> [Consulta: 01/07/2013]. Regueira, Xosé Luís (2010): Dicionario de pronuncia da lingua galega (A Coruña: Real Academia Galega). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a> [Consulta: 01/07/2013]. Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2012-): Dicionario da Real Academia Galega. Edición electrónica dispoñíbel en: <a href="http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do">http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do</a> [Consulta: 01/07/2013]. Cfr. APP para Android e iOS. Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012) [2006]: Sobre a calidade da nosa lingua. 3.<sup>a</sup> edición (A Coruña: Universidade da Coruña). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf">http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf</a> [Consulta: 01/07/2013]. Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012) [2006]: Criterios para o uso da lingua. 3.<sup>a</sup> edición (A Coruña: Universidade da Coruña). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Criterios_lingua.pdf">http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Criterios_lingua.pdf</a> [Consulta: 01/07/2013]. Serrano Serrano, Joaquín (2002): Guía práctica de redacción (Madrid: Anaya).</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	Proporcionarase bibliografía complementaria e específica por temas.

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Sociolingüística/652G04044

#### Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías